



Nº 34 | Xaneiro de 2010 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

Nova sede para a Educación Social

No Colexio celebramos unha intensa xornada coincidindo co noveno aniversario.

O pasado 22 de xaneiro inaugurouse a nova sede do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, que se trasladou, como sabedes, á Rúa Lisboa, en Santiago de Compostela.

Pola mañá tivo lugar unha mesa redonda que levou por título “*O pasado, presente e futuro da nosa educación social*”, na que a presidenta do Colexio profesional, M^a José Fernández, estivo acompañada por Susana López Abella, Secretaria Xeral de Familia e Benestar, polo catedrático José Antonio Caride, da Universidade de Santiago, por Manuel Aguilar, director da Obra Social Caixa Galicia, e Pilar Sabio, educadora social que foi vicepresidenta da comisión xestora do Colexio.



Todos destacaron a importancia que **as e os** profesionais da Educación Social teñen na promoción do benestar social para a cidadanía.

A Secretaria Xeral **manifestou o apoio da Xunta de Galicia a este colectivo profesional e invitouno a participar activamente no desenvolvemento das políticas sociais galegas.**

O profesor Caride sinalou a necesidade de que estes profesionais incrementen a súa presenza en todos os ámbitos de intervención educativa, sendo a administración quen potencie o seu recoñecemento social.

Manuel Aguilar centrou a súa intervención no papel que ten o Terceiro Sector no desenvolvemento social



en Galicia, no que a Educación Social ten un papel cada vez máis importante.



Pilar Sabio, que participou na creación do colexio, destacou o importante salto cualitativo que esta profesión deu en menos dunha década.

A presidenta do colexio agradeceu os

esforzos das institucións e dos colexiados e colexiadas que co seu esforzo diario colocan á Educación Social na vangarda das profesións sociais e sinalou este acto como sinal da consolidación desta profesión en Galicia.

A celebración continuou cun xantar solidario de comercio xusto, que pui-



deron disfrutar todas as persoas asistentes, e que continuou cunha merenda pola tarde, dentro da Xornada de Portas Abertas na que tamén destacou a actuación do compositor compostelán **Narf**.

Para o Ceesg esta nova sede é o comezo dunha nova etapa, un impulso. Queremos que se con-

verta nun lugar de encontro da Educación Social, promotor de novas relacións coa Xunta, as Universidades, a sociedade en xeral e sobre todo as persoas colexiadas.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Colaboración na investigación que está a realizar a educadora social catalana Pilar Morros, para contactar con educadoras/es sociais que traballan en Centros de Menores. A investigación ten como obxectivo a construción dun instrumento de avaliación para os equipos educativos dos centros de menores, de cara a que poidan construír os seus propios procesos de mellora da calidade.
- Participación na reunión do Comité Organizador Local do Foro 2010, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 11 de xaneiro.
- Asistencia á entrega de premios do XIII Premio Internacional Luis Valtueña de Fotografía Humanitaria, organizado por Médicos del Mundo. Tivo lugar en Santiago de Compostela o día 14 de xaneiro.
- Envío de escrito á ANPA Picapeixe, do CEIP Nicolás del Río (Cedeira), tras ter noticia da contratación dunha traballadora social para desenvolver no centro tarefas relacionadas coa información e asesoramento, actividades extraescolares, obradoiros educativos e animación sociocultural. Na carta damos a coñecer a figura das/os educadoras/es sociais e expoñemos cales son as funcións que podería desenvolver neste eido, para que poidan valorar este perfil en vindeiras ocasións.
- Participación na reunión constituínte da Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 21 de xaneiro. O día 26 de xaneiro tivo lugar o acto de presentación pública da mesma, e no seu transcurso presentouse o *Manifesto en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais* e o Decálogo de medidas urxentes no sistema galego de servizos sociais. Tanto o manifesto como o decálogo poden ser consultados en ceesg.org.
- Inauguración do novo local do Ceesg, que tivo lugar o día 22 de xaneiro, coa realización da mesa redonda “O pasado, presente e futuro da nosa Educación Social”, almorzo e merenda de comercio xusto, e a actuación musical de Narf.
- Participación na reunión de Xunta de Goberno do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES), que tivo lugar os días 23 e 24 de xaneiro en Madrid.
- Colaboración co CGCEES na cumprimentación do “Cuestionario sobre reservas de actividade e obrigas de colexiación” remitido polo Ministerio de Economía e Facenda, con motivo do desenvolvemento da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (*Lei Ómnibus*).

ARTIGO DE INTERESE: UNHA PEQUENA REFLEXIÓN

Hoxe, mentres preparaba as miñas clases da semana puideron ver unha noticia que me chamou a atención pero que tamén me fixo reflexionar.

Por primeira vez se sancionaba a unha nai que agrediu á mestra do seu fillo diante del. Ata o momento soamente se castigaba este acto cunha multa que oscilaba entre 30 e 150 euros. Entón a agresión convertíase nun acto gratuito, sen ningunha consecuencia, e así se trasladaba aos nenos, nenas e adolescentes. Esa era a parte positiva, que por primeira vez, un xuíz defendía a idea de profesora como figura de autoridade, tal e como se propuxo fai un tempo.

A entrevistada (e agredida) estaba moi contenta porque a sentenza era un antecedente sen precedente ata o momento, e reclamaba que os funcionarios públicos deberían considerarse figura de autoridade debido á súa categoría profesional e aos perigos ante os que se atopan diariamente.

Considero que si que se atopan con situacións moi conflictivas, sobre todo en educación secundaria, pero eu pregunteime... ¿e que pasa cos profesionais como somos os educadores e as educadoras sociais que traballamos directamente con colectivos en ocasións impredecibles, e nos que a agresión en moitos casos xa parece que forma parte do salario? Non somos figuras profesionais de relevancia? Soamente son autoridade os profesionais que son funcionarios públicos? E comezou a reflexión que quero trasladar ao colexio de educadores e educadoras sociais como representantes da nosa profesión.

María Dolores Mosquera Fernández
Colexiada 3548

FORMACIÓN CONTINUA

CURSOS DE FORMACIÓN DE XIRXILAR Cursos a distancia en diversas áreas

Organiza: Xirxilar s.l.

Contido: A oferta formativa a distancia de XIRXILAR divídese en distintas áreas de formación (Intervención socioeducativa, Animación sociocultural e Turismo) e está destinada principalmente a estudantes e/ou titula-das/os en Educación Social, así como a outros profesio-nais do eido social e educativo.

Duración: Cursos de 30 h. e de 100 h. Prazo de reali-zación de 3 meses.

Prezos:

- Cursos de 30 h.: 45€
- Cursos de 100 h.: 90 €

*Ás persoas colexiadas do Ceesg aplicaráselles un **desconto do 10%** sobre estes prezos.*

Información e matrícula:

xirxilar@xirxilar.com
www.xirxilar.com

CURSO BÁSICO ONLINE: Movilidade Urbana Sostible

Organiza: Eco-Unión.

Contido: O curso proporciona coñecementos, forma-ción específica e ferramentas didácticas para a procura de solucións integrais que conduzan cara novos mode-los de mobilidade sostible e segura na cidade.

Datas: Do 15 de febreiro ao 19 de marzo.

Duración: 50 horas.

Prezo:

- Profesionais e administración pública: 250€
- Estudantes, empregados de ONG, desemprega-dos e colaboradores de Eco-union: 175€

*Ás persoas colexiadas do Ceesg aplicaráselles un **desconto do 15%** sobre estes prezos.*

Información e matrícula:

info@eco-union.org
www.eco-union.com/formacion

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Tui: Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2009. Unha praza de educador/a familiar e unha praza de técnico/a de prevención de drogodependencias. DOG 14/01/10

OUTROS

Consellería de Facenda: Decreto 446/2009, do 17 de de-cembro, polo que se modifica o Decreto 143/2008, do 3 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega. DOG 12/01/10

Ministerio de Igualdade: Orde IGD/3645/2009, de 29 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de actividades finan-ciadas pola Comisión Europea no marco do programa de ac-ción comunitario «A xuventude en acción», do Instituto da Xuventude. BOE 13/01/10

Ministerio de Igualdade: Resolución de 14 de xaneiro de 2010, do Instituto da Xuventude, pola que se convoca a con-cesión de axudas para a realización de actividades financiadas pola Comisión Europea no marco do programa de acción comunitario «A Xuventude en acción». BOE 15/01/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Secre-taría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións destina-das ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude no exercicio 2010. DOG 15/01/10

Ministerio de Cultura: Orde CUL/3674/2009, de 23 de decembro, pola que se convocan as axudas de acción e pro-moción cultural correspondentes ao ano 2010. BOE 16/01/10

Fundación ONCE para a Cooperación e Inclusión So-cial de Persoas con Discapacidade: Convocatoria para a solicitude de axudas económicas a proxectos dirixidos a per-soas con discapacidade promovidas pola Fundación ONCE para a Cooperación e Inclusión Social de Persoas con Disca-pacidade para o exercicio 2010. BOE 19/01/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde do 31 de de-cembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. DOG 21/01/10

Ministerio de Cultura: Orde CUL/59/2010, de 4 de xanei-ro, pola que se convocan as bolsas «Culturex» de formación práctica en xestión cultural para mozos españois no exterior, en institucións culturais e en embaixadas e consulados de España, correspondentes ao ano 2010. BOE 23/01/10

Fundación Novia Salcedo: III Edición do "Premio Novia Salcedo á Excelencia na Integración Profesional dos mozos" nas súas tres categorías: Persoas, Empresas e Administra-cións Públicas, Institucións e ONG's. BOE 26/01/10

Ministerio de Sanidad y Política Social: Resolución de 11 de xaneiro de 2010, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se convocan subvencións destinadas á reali-zación de proxectos de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, dentro da área de accións estratéxicas, acción estratéxica de saúde, no marco do Plan Nacional de Investigación Científica, desenvolvemento e in-novación tecnolóxica (2008-2011). BOE 27/01/10